

**NOTA DE PRENSA 015/23
28 DE ABRIL DE 2023**

**O CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS ARRINCA ESTA FIN DE
SEMANA EN O CASTRO**

O Campionato Galego de Autocross comeza esta fin de semana en Taragoña (Rianxo) coa celebración da 27ª edición do Autocross O Castro.

En total serán case 40 equipos os que se darán cita no trazado costeiro, divididos nas catro categorías puntuables (-1.600, +1.600, car cross e car cross junior), nunha xornada de competición que comezará as 11 da mañá coas primeiras mangas clasificatorias e que rematará pasadas as 19:30 horas despois das finais (comezan as 18:45 horas).

Entre os inscritos, os principais protagonistas da tempada 2022, cos cinco primeiros clasificados da categoría de carcros na lista (Javier Ramilo, Rubén Barreiro, Antón Muiños, Alberto Lorenzo e José Domínguez), ao igual que os tres primeiros da clase I (Rubén Uzal, Martín Castro e Eloy Castro) e o segundo e terceiro da clase II (Cristian Gómez e David Blanco).

No caso dos Carcross Júnior, haberá catro inscritos co campión Iago Rodríguez defendendo o título ante Daniel Gayoso, Diego García e Yésica Lorenzo.

O Castro é a primeira das sete probas puntuables co Campionato Galego de Autocross.